


Museo
Pedagógico
Castelao



Micorrización Boletus Edulis

Un exemplo de solidariedade.

2

MUSEO PEDAGÓXICO CASTELAO

Edición a cargo do M. P. Castelao e da Equipa de Normalización

A Micorrización

Micorriza ou **micorrhizum** (plural **micorrhysae**) constitúe unha asociación simbiótica entre certos fungos e algunhas raíces de plantas, xeralmente árbores. As micorrizas fórmanse cando as hifas dun fungo invaden as raíces de unha planta. As hifas van auxiliar ás raíces da planta na función de absorción de auga e sales minerais do solo, xa que aumentan a superficie de absorción. Deste modo as plantas poden absorber máis auga e adaptarse a climas mais secos. Os fungos, como "pagamento" dos seus servizos, reciben da planta os fotoasimilados (carbohidratos), que necesitan para a súa sobrevivencia e que non conseguen sintetizar, pois non posúen clorofila. Asociación micorrízica = fungo + solo + planta



FUNGO



SOLO



PLANTA

Dada a situación de urxencia médica na que se atopaban as nosas árbores logo dos incendios do verán, actuamos como enfermeiros aportándolles unha medicina que nos recomendou Carmela, a técnico forestal do concello.

A especie de cogomelo escollido foi o *boletus edulis* que fai boas migas cos castiñeiros, carballos, cortizas, bidueiros e piñeiros.

Os humanos deberíamos aprender do exemplo que nos dá a natureza que se asocia para xuntos conseguir uns fins comúns. Así que...

MICORRÍZATE



A MICORRIZACIÓN NO NOSO XARDÍN



Escoller unha árbore:

Como vamos usar *boletus edulis* preferibelmente escolleremos árbores dos xéneros *quercus*, *pinus*, *betula* ou *castanea* que terán preferiblemente entre 10 e 30 anos de idade, nunca menores de 8.

A época ideal para realizar o micorrizado é dende finais de agosto até finais de

Rastrillado:

Rastrillar varios buracos superficiais no perímetro da árbore, deixando ver as raíces superficiais da planta e coincidirán sempre ca zona situada baixo a copa da árbore.

Inoculado:

En cada buraco botaremos 20-40 ml do inóculo fúnxio, impregnando as raíces das árbores.

Tapado:

Cubrir a zona micorrizada con terra fresca e regar a cotío no caso de non haber choivas.

*Recorta e ordena esta carta para o amigo
Boletus.*

Agardámoste en 18 meses.

Bicos. Taragoña, Novembro, 2006.

Sabemos que tí es un gran enfermeiro e que podes curalas en pouco tempo. Porén, elas, agradecidas, tamén te poden axudar a tí.

Este verán o colexio X. M. Brea Segade padeceu os desastres da vaga de incendios que sufriu o noso país.

Enviámoste unha invitación a que veñas vivir con nós, a micorrización, e se ves agardarémoste cos brazos abertos.

O lume case acaba con todas as árbores que temos no xardín botánico, e as poucas que ficaram están gravemente feridas.

Meu amigo Boletus:

Boletus scaber

Axuda a Boletus a atopar ao seu amigo o Piñeiro.

